

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA DEZASETE DE FEBREIRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
Escusa asistencia D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día dezasete de febreiro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día once de febreiro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 209/09 de dona Consuelo García Álvarez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Milladoiro-Ames, solicita licenza para a construción dun invernadoiro de 1.008 m², segundo memoria que se achega, no lugar de A Igrexa -Merín, en solo rústico de protección agropecuaria (R-2)

A Xunta de Goberno, tendo en conta o disposto no artigo 44.2 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo a instalación axustarse ás seguintes condicións: non se realizarán movementos de terras sen a autorización previa da Comunidade Autónoma; non se executarán obras non contempladas na memoria presentada que impidan a fácil desmontaxe; o invernadoiro destinarase exclusivamente ó uso agrario; garantirase

o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios e a instalación situarase a unha distancia mínima de 6 mts do eixe dos camiños

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas e impostos municipais correspondentes, que ascenden, segundo liquidación provisional, á cantidade de catrocentos vinte e oito euros con trinta e dous céntimos (#428,32#)

2.2.- Instancia num. 185/09 de dona Mónica Camino Estévez

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Tomonde (Santa Cruz de Ribadulla) solicita licenza para parcelación, en dúas resultantes, da finca número 1601 da concentración parcelaria de Ribadulla, situada no mencionado lugar de Tomonde, para posterior agrupación con parcelas colindantes en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo de Núcleo Rural (ordenanza N1), de acordo co proxecto técnico presentado firmado por don Francisco Javier Bellet García en calidade de Enxeñeiro Técnico Agrícola de data 3 de febreiro de 2009.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe dos Servizos Técnicos Municipais, acorda conceder a licenza para parcelación e agrupación das fincas descritas no proxecto mencionado, sitas no lugar de Tomonde da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, nos termos do proxecto presentado, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes que ascenden á cantidade de 120,00 euros.

2.3.- Instancia num. 229/09 de don Juan J. Solar Núñez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a colocación de portal en cerre de parcela existente, no lugar de Laraño, en solo de expansión de núcleo (N2)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: no caso de precisar executar rampla de acceso sobre da gábia levarase a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas e non inferior a 400 mm de diámetro; non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará enrasada co vial de meneira que non sobresaia; a altura máxima do portalón será de 1,80 mts e abrirá cara o interior da propiedade; en cumprimento do artigo 3 do Real Decret 1.627/1997, do 24 de outubro, pola que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaoto euros con tres céntimos (#18,03#)

2.4.- Instancia num. 230/09 de don José J. Solar Núñez



Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a colocación de piscina prefabricada en parcela de vivenda , no lugar de Laraño, en solo de expansión de núcleo (N2)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse un sistema de pozos filtrantes para facilitar o vaciado; respectarase a distancia mínima de 3,00 mts dos lindeiros; en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1.627/1997, do 24 de outubro, pola que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de douscentos sete euros con cincuenta céntimos (#207,50#)

3º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación de obras incluídas no PCC 2008-2011

Dáse conta das invitacións cursadas ás tres empresas que de seguido se indican, para optar a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, das seguintes obras, de acordo co establecido no artigo 10 do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen o citado plan, publicadas no BOP nº 98/08, do 29 de abril:

3.1.- Ampliación de saneamiento y abastecimiento en Laraño (código 08.3300.0058.0)

*Proposta nº 1 de Construmovil Gallega, S.L que oferta o prezo de cento nove mil catrocentos cincuenta euros con trinta e seis céntimos (#109.450,36#), que representa unha baixa de cero euros (#0,00#) sobre do tipo

*Proposta nº 2 de Manuel Sobredo S.L que oferta o prezo de cento oito mil novecentos tres euros con once céntimos (#108.903,11#), que representa unha baixa de cincocentos corenta e sete euros con vinte e cinco céntimos (#547,25#)

*Proposta nº 3 de Martínez Montes e Hijos, S.L que oferta o prezo de cento nove mil catrocentos cincuenta euros con trinta e seis céntimos (#109.450,36#), que representa unha baixa de cero euros (#0,00#) sobre do tipo

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente o contrato de obras de *Ampliación de saneamiento y abastecimiento en Laraño* á proposta num. 2 de Manuel Sobredo, S.L por ser oferta máis economicamente vantaxosa no prezo de noventa e tres mil oitocentos oitenta e un euros con noventa e nove céntimos (#93.881,99#) máis IVE

Segundo.- Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios

Terceiro.- Notificar e requirir a Manuel Sobredo, S.L, adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes á data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante , a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no

cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, a sí como constituir a garantía definitiva

Cuarto.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil do Contratante

3.2.- Ampliación de saneamiento en Matelo (código 08.3300.0059.0)

*Proposta nº 1 de Construmovil Gallega, S.L que oferta o prezo de cento sete mil seiscientos cincuenta e nove euros con oitenta e sete céntimos (#107.659,87#), que representa unha baixa de cero euros (#0,00#) sobre do tipo

*Proposta nº 2 de Manuel Sobredo S.L que oferta o prezo de cento sete mil cento vinte e nove euros con cincuenta e oito céntimos (#107.129,58#), que representa unha baixa de cincocentos trinta euros con vinte e nove céntimos (#530,29#)

*Proposta nº 3 de Martínez Montes e Hijos, S.L que oferta o prezo de cento sete mil seiscientos cincuenta e nove euros con oitenta e sete céntimos (#107.659,87#), que representa unha baixa de cero euros (#0,00#) sobre do tipo

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisionalmente o contrato de *obras de Ampliación de saneamiento en Matelo* á proposta num. 2 de Manuel Sobredo, S.L por ser oferta máis economicamente vantaxosa no prezo de noventa e dous mil trescentos cincuenta e tres euros con nove céntimos (#92.353,09#) máis IVE

Segundo.- Notificar a adxudicación provisional a todos os candidatos que non resultaron adxudicatarios

Terceiro.- Notificar e requirir a Manuel Sobredo, S.L, adxudicatario provisional do contrato, para que presente, dentro dos quince días hábiles seguintes á data de publicación da adxudicación provisional no Perfil de Contratante , a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e calesquera outros documentos acreditativos da súa aptitude para contratar, a sí como constituir a garantía definitiva

Cuarto.- Publicar a adxudicación provisional do contrato mediante anuncio no Perfil do Contratante

4º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe do Sr. Alcalde don Odón C. Cobas dos meses de xaneiro e febreiro. Importe 58,07 euros

Quilometraxe da educadora familiar dona Carmen A. Sabio do mes de xaneiro. Importe 55,02 euros

Quilometraxe de dona M^a. Montserrat de la Fuente Fernández do mes de xaneiro. Importe 36,54 euros



Quilometraxe e indemnización da funcionaria dona Mercedes Pereiras por asistencia a xornada sobre das novidades sobre censo electoral e programa conoce o día 08/01/2009. Importe 39,38 euros

Quilometraxe e indemnización da funcionaria dona Mercedes Pereiras por asistencia en Coruña á presentación da nova plataforma eBOP que se implantará nos concellos en marzo. Importe 67,30 euros

Quilometraxe da funcionaria dona María Canedo de la Torre do mes de febreiro. Importe 9,45 euros

Fondo social (odontoloxía) da traballadora dona Ana Aldrey Pereira, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 75,00 euros

Fondo social (oftamoloxía) da funcionaria dona María Canedo, segundo bases do orzamento municipal vixente (75%). Importe 84,00 euros

Factura num. 11/2009 e 13/2009 de José Manuel Roibas Vázquez por asesoramento xurídico nos meses de xaneiro e febreiro. Importe 4.832,56 euros

Factura num. 1/2009 de don José Fermín González Blanco por asistencia técnica no mes de xaneiro. Importe 2.436,00 euros

Factura num. 1.669 de dona Guadalupe J. García Cabal por impartición de curso de manualidades no mes de xaneiro. Importe 595,00 euros

Factura num. 160 de José Manuel Segade Martínez por colocación de pasamanos nas escaleiras da biblioteca. Importe 189,08 euros

Factura num. 165 de José Manuel Segade Martínez por escaleiras para a Casa da Terceira Idade de Vedra e outros. Importe 334,08 euros

Factura num. 159 de José Manuel Segade Martínez por taboleiros e soportes para o Museo Modesto Paz Camps. Importe 1.724,92 euros

Factura num. 158 de José Manuel Segade Martínez por percheiro e outros arranxos na Casa da Terceira Idade. Importe 208,80 euros

Factura num. 157 de José Manuel Segade Martínez por colocación de cristais na escola de San Xián. Importe 148,48 euros

Provisión de fondos ó procurador don José Antonio Castro Bugallo para procedemento recurso contencioso-administrativo contra da aprobación do PXOM interposto por Bograo, S.L. Importe 300,00 euros

Suscripción á revista de inglés Los Jornals dos exercicios 2007 -2008 . Importe 31,00 euros



Factura num. 8272715 de Ricoh España, S.L.U por mantemento fotocopiadoras oficinas xerais e bibliotecas do mes de xaneiro. Importe 277,07 euros

Factura num. 254 de Copy Estudio S.L.U por copias de planos. Importe 76,76 euros

Recibo de Mafre por seguro de Citroen C-15, Matrícula C-4407-BM. Importe 380,71 euros

Recibo de Mafre por seguro de camión de recollida de lixo. Importe 1.715,62 euros

Facturas nums. 11/2009 e 12/2009 de Fernando García Silva por planchas de policarbonato para marquesiñas e letra a corporea para o Pavillón Municipal. Importe 1.832,80 euros

Factura num. VFP/30145741 de Drager Safety Hispania, S.A por vestiario para Protección Civil. Importe 524,20 euros

Factura num. 5 de Miguel Camino por traballos realizados en xaneiro. Importe 1.132,16 euros

Factura num. SPA/11084/2009 de MC SPA de Prevención, S.L por concerto prevención integral. Importe 348,00 euros

Gastos de billete de avión a Arxentina de don Jorge Cerdeira para actividades relacionados co centenario das sociedades en Arxentina. Importe 597,59 euros

Factura num. 8277939 de Ricoh España, S.L.U por consumo fotocopiadora oficinas xerais de abril a decembro. Importe 82,46 euros

Factura num. 8277940 de Ricoh España, S.L.U por consumo fotocopiadora de outubro a decembro. Importe 33,54 euros

Factura num. 22 de Galiza Verde, S.L por xestión e transporte de residuos do punto limpo no mes de xaneiro. Importe 891,98 euros

Factura num. 4000271035 de Correos e Telégrafos por remisión de documentación con franqueo pagado en xaneiro. Importe 700,41 euros

Recibo de Editorial Compostela por suscripción a El Correo Gallego no mes de xaneiro. Importe 38,00 euros

Recibo de Securitas Direct España, S.A por mantemento sistema de alarma nas dependencias municipais. Importe 544,61 euros

Recibo de La Voz de Galicia, S.A por suscripción ó xornal no mes de xaneiro. Importe 30,00 euros



Recibo de Siemens Renting, S. A por alugamento da fotocopiadora da planta baixa do concello no mes de xaneiro. Importe 548,85 euros

Recibos de Canalsatélite digital, S.L correspondentes ó centro da terceira idade nos meses de decembro e xaneiro. Importe 67,90 euros

Recibo do Día por viveres para o servizo de madrugadores do CPI de Vedra. Importe 25,22 euros

Recarga de teléfonos móbiles das auxiliares de axuda no fogar. Importe 20,00 euros

Facturas de Genaro Barreiro por vaciado de arquetas en Laraño-San Xián de Sales en xaneiro. Importe 180,00 euros

Recibo de Mafre por seguro de John Deere. Importe 139,77 euros

Recibo de Mafre por seguro de responsabilidade civil. Importe 6.792,36 euros

Gastos diversos pola visita do Sr. Alcalde e concelleira de servizos sociais ós participantes na viaxe do IMSERSO a Vinarós (Castellón). Importe 477,10 euros

Axudas de custo e quilometraxe de don Francisco J. Souto Rial por impartición de clases de baile rexional en San Xián de Sales no mes de xaneiro. Importe 150,64 euros

Factura num. 09-A/1874 de Sistemas de Seguridade A-1, S.L por mantemento sistema de alarma do Museo Modesto Paz Camps. Importe 552,83 euros

Axudas de custo e quilometraxe de dona Dolores Monteagudo Sintas por impartición do Obradoiro de Memoria no Centro Sociocultural da Terceira Idade en decembro. Importe 149,60 euros

Axudas de custo e quilometraxe de dona Dolores Monteagudo Sintas por impartición do Obradoiro de Memoria no Centro Sociocultural da Terceira Idade en xaneiro. Importe 149,60 euros

Facturas de gastos da viaxe ás Termas Outariz, con cargo ás achegas dos participantes. Importe 409,20 euros

Gastos de transporte servizo voluntariado de don Manuel González Penido. Importe 47,45 euros

Factura num. 900954 de Proel Ascensores, S.L por servizo de conservación e mantemento do ascensor do CPI de Vedra. Importe 217,52 euros

Suscripción ó DOG. Importe 150,74 euros



Taxas de publicación de anuncios de expedientes de urbanismo no DOG. Importe 238,48 euros

Factura num. 2009002 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento alumado público no mes de decembro. Importe 2.262,06 euros

Factura num. 09/1 de José María Freiría Suárez por servizo de limpeza en xaneiro. Importe 3.318,60 euros

Seguro de Protección Civil. Importe 360,00 euros

Factura num. 22100435 de A.C. Medín, S. A por revisión camión de recollida de lixo. Importe 596,34 euros

Factura num. S090028 de Tilde Servicios Editoriales por suscripción á revista educación e biblioteca. Importe 58,00 euros

Factura num. VD 01/2009 de Ana Naya García, S.L por servizo de gardería na escola infantil de Vedra no mes de xaneiro. Importe 5.113,34 euros

Factura num. 01800443 de Adif por alugamento estación de ferrocarril de Santa Cruz no mes de xaneiro. Importe 372,41 euros

Factura num. A00011753 de MRW do mes de xaneiro. Importe 45,87 euros

Factura num. 09929000418 de Hipercor, S.A por DVD para a casa da terceira idade. Importe 25,00 euros

Factura num. 2 de Albergue J. De Bustiello s/n por reserva albergue para excursión á neve. Importe 1.240,00 euros

Recibo de Allianz por seguro de retroexcavadora. Importe 253,30 euros

Factura num. 912428232 de Vodafone España, S.A.U do mes de xaneiro. Importe 769,65 euros

Facturas de Telefónica de España, S.A do mes de xaneiro. Importe 584,84 euros

Factura de Unión Fenosa, S.A correspondente á Casa do Concello nos meses de novembro e decembro. Importe 549,31 euros

Factura de Unión Fenosa, S.A correspondente a ludoteca e gardería nos meses de decembro e xaneiro. Importe 1.060,07 euros

Factura de Unión Fenosa, S.A correspondente ó centro de saúde de Vedra nos meses de decembro e xaneiro. Importe 515,86 euros



Facturas de Unión Fenosa correspondentes a escolas nos meses de novembro e decembro. Importe 2.284,19 euros

Facturas de Unión Fenosa correspondentes a escolas no mes de xaneiro. Importe 266,60 euros

Factura de Unión Fenosa correspondente a edar de Ponte Ulla no mes de decembro. Importe 1.476,67 euros

Factura de Unión Fenosa correspondente ó punto limpo no mes de decembro. Importe 185,60 euros

Facturas de Unión Fenosa correspondentes a edificios culturais nos meses de novembro e decembro. Importe 1.055,45 euros

Factura de Unión Fenosa correspondente ó consultorio de San Xián nos meses de novembro e decembro. Importe 281,66 euros

Facturas de Unión Fenosa correspondentes ó pavillón municipal nos meses de decembro e xaneiro. Importe 3.493,87 euros

Factura de Unión Fenosa correspondente á piscina nos meses de novembro e decembro. Importe 320,71 euros

Factura de Unión Fenosa correspondente á nave almacén nos meses de novembro e decembro. Importe 86,00 euros

Facturas de Unión Fenosa correspondentes a alumeados públicos nos meses de novembro e decembro. Importe 24.027,23 euros

Factura num. 2009021 de Electricidad Cruceiro, S.L por mantemento do alumeado público no mes de xaneiro. Importe 2.262,06 euros

Factura num. CIC03270742524 de Vodafone España, S.A do 26/01/09 ó 31/01/2009. Importe 51,69 euros

Facturas nums. 3 e 23 de Viajes Peillet, S.L por viaxes da terceira idade os días 13, 14 e 19/01/2009. Importe 727,60 euros

Facturas nums. 1 e 24 de Viajes Peillet, S.L por viaxes cos alumnos de educación de adultos nos meses de decembro e xaneiro. Importe 802,50 euros

Facturas nums. 2 e 25 de Viajes Peillet, S.L por viaxes cos nenos/as da ludoteca nos meses de decembro e xaneiro. Importe 1.284,00 euros

Factura num. 1/09 de Juan Guerra Neira por cea de nadal. Importe 1.884,27 euros

Factura num. A/64 de Castromil por bonobús do mes de xaneiro. Importe 103,20 euros



Factura bnum. 2009/0126 da Sociedade Galega de Medio Ambiente por tratamento dos residuos sólidos de Vedra do mes de xaneiro. Importe 7.133,17 euros

Factura num. 037/2009 de L. Secope, S.A por recollida de cartón no mes de decembro. Importe 175,01 euros

Factura num. 9000132 de Ofitendas por materiais para a aula de informática. Importe 48,15 euros

Factura num. 09- A/34 de Xestión e Control Noroeste, S.L por mantemento sistema telefonía da casa do concello. Importe 1.716,48 euros

Factura de Café-Bar O´Candil por comida dos Xenerais da Ulla. Importe 250,00 euros

Factura num. 27 de Vidrieras Compostela, S.L por vidrios para o tractor municipal. Importe 38,29 euros

Factura num. 09/00225 de Laboratorios Inteman por materiais para Protección Civil. Importe 187,05 euros

Factura num. N9-241 de Hércules de Ediciones por libros para a biblioteca municipal. Importe 463,27 euros

Factura num. 290.056 de Artes Gráficas Litonor por cartesi e tarxetóns para o II certame de cartas de amor e desamor. Importe 556,80 euros

Factura num. 290.069 de Artes Gráficas Litonor por talonarios para o banco de tempo. Importe 145,00 euros

Factura num. E/6 de O Forno da Ulla por auga para o CEIP de Ortigueira. Importe 21,64 euros

Factura num. 286 de Herramientas del Noroeste, S.L por afiado de coitelas para a brigada de obras. Importe 4,51 euros

Factura num. P 900.445 de El Correo Gallego por publicación de anuncio da aprobación inicial do Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións. Importe 301,60 euros

Factura num. 22/09 de Empresa Seoane, S.L por bonobús do mes de xaneiro. Importe 314,92 euros

Factura num. 23/09 de Empresa Seoane, S.L por bonobús da terceira idade de xaneiro. Importe 420,40 euros

Factura num. 29 965 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para a gardería municipal en xaneiro. Importe 747,06 euros



Factura num. 29 801 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para o Pavillón municipal no mes de xaneiro. Importe 413,02 euros

Factura num. 19 225 de Ulla Oil, S.L por gasóleo para Protección civil. Importe 1.258,28 euros

Factura num. 29 720 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para o centro médico de Vedra en xaneiro. Importe 1.219,00 euros

Factura num. 29 719 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para a biblioteca municipal en xaneiro. Importe 1.289,34 euros

Factura num. 29 718 de Ulla Oil, S.L por gasóleo de calefacción para a casa do concello en xaneiro. Importe 484,50 euros

Factura num. 2009003 de Manuel Botana Granja por materiais diversos. Importe 444,07 euros

Facturas nums. 010000052 , 010000053, 010000054, 010000055, 010000056 de Punte Ulla, S.L por carburantes para os vehículos municipais en xaneiro. Importe 1.038,02 euros

Factura num. A-007/09 de Gráficas Esteiro por cuadrípticos e carteis para as *xornadas de formacción*. Importe 591,60 euros

Factura num. 2009/0037 de Señalizaciones D.L.C, S.L por carteis de obras para licenzas particulares, a repercutirle ós promotores. Importe 85,21 euros

Factura num. 901/14 de FPV por botas de goma e outros. Importe 60,00 euros

Factura num. 7170013954 de Ofiservice por papel . Importe 162,40 euros

Facturas nums. 0072/E09, 0071/E09, 0070/E09 de Talleres San Fins, S.L por arranxo da maquinaria municipal en xaneiro. Importe 570,72 euros

Factura num. P09/408 de La Voz de Galicia por publicación de anuncio de aprobación inicial do Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións, Importe 278,40 euros

Factura num. 17/09 de Talleres y Repuestos Barco, S.L por repostos e outros. Importe 204,13 euros

Factura num. 09- 00097 de Sapa Contened. y Serv. S.L por alugamento de colector para depósito de chatarra e viaxe a Pontecesures. Importe 239,20 euros

Suscripción a El Consultor de los Ayuntamientos y de los Juzgados. Importe 1.841,00 euros

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas



5º.- Aprobación, se procede, da achega económica dos usuarios do servizo de axuda no fogar

A Xunta de Goberno acorda:

1º.- Aprobar a seguinte táboa de copagamento que se aplicará a todos os servizos complementarios do servizo de axuda no fogar: fisioterapia, podoloxía, xantar na casa, ..ect no caso de non estar suxeitos a convenio específico:

INGRESOS IPREM	COPAGO	CANTIDADE A PAGAR Ó MES		
		90 HORAS G.D. 3.2.	70 HORAS G.D. 3.1	55 HORAS G.D. 2.2
Entre 100% -150 % (527,24 - 790,86)	10%	108	88	66
Entre 150% - 200% (790,87 -1.054,48)	15%	162	126	99
Entre 200% -300% (1.054,49 -1.572,72)	20%	216	168	132
Entre 300% -350% (1.572,73 - 1.845,34)	30%	324	252	198
(Entre 350% - 400% (1.845,35 - 2.108,96)	40%	432	336	264
Entre 400% - 500% (2.108,97 -2.636,2)	60%	648	504	396
Máis de 500%	65%	702	546	429

2º.- Para a determinación da capacidade económica das persoas usuarias do servizo terase en conta o establecido no artigo 17 da Orde do 22 de xaneiro de 2009, reguladora do SAF para a Comunidade Autónoma de Galicia e o contemplado no artigo 15 do Regulamento Interno do SAF do Concello de Vedra

Excepcionalmente en casos de destrutturación familiar e risco de exclusión social, de acordo coa valoración e proposta da traballadora social mediante resolución motivada do órgano competente, poderase acorda a redución ou exención de pago.

6º.- Outros asuntos

6.1.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención para a realización de actividades de promoción do fomento e cooperativismo

Dáse conta da Orde do 30 de decembro de 2008, da Consellería de Traballo, pola que se convocan subvencións ós concellos e outras entidades locais de Galicia para a realización de actividades de promoción e fomento do cooperativismo (DOG num. 6/09, do 9 de xaneiro)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda



1º.- Solicitar unha subvención e aceptar as condicións e requisitos establecidos nesta orde.

2º.- Declarar que o concello non está incurso en ningunha prohibición para obter a condición de beneficiario

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e cincuenta e cinco minutos

